

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN

## DIDÁCTICA 2019/2020

**CENTRO: CEIP DE SAN CLODIO**

**CURSO: EDUCACIÓN INFANTIL 4 E 5 ANOS**

**MATERIA: TODAS AS ÁREAS**

**DATA: 2 MAIO 2020**

**ANA M<sup>a</sup> JATO RODRÍGUEZ**

**CEIP DE SAN CLODIO.**

**3º trimestre CURSO 2019-20**

# 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

## ESQUEMA DE ORGANIZACIÓN DAS ÁREAS DE TRABALLO

| ÁREAS QUE SE TRABALLAN                                 |  |
|--|--|
| AREA 1: AUTOCONECIMENTO E AUTONOMÍA                    | <ul style="list-style-type: none"><li>▶ OBXECTIVOS</li><li>▶ ORGANIZACIÓN DE CONTIDOS, PROXECTOS DE TRABALLO...</li><li>▶ CRITERIOS DE AVALIACIÓN, TEMPORALIZACIÓN</li></ul> |
| ÁREA 2: COÑECEMENTO DO CONTORNO E INTERACCIÓN CO MUNDO | <ul style="list-style-type: none"><li>▶ OBXECTIVOS</li><li>▶ ORGANIZACIÓN DE CONTIDOS, PROXECTOS DE TRABALLO...</li><li>▶ CRITERIOS DE AVALIACIÓN, TEMPORALIZACIÓN</li></ul> |
| ÁREA 3: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN       | <ul style="list-style-type: none"><li>▶ OBXECTIVOS</li><li>▶ ORGANIZACIÓN DE CONTIDOS, PROXECTOS DE TRABALLO...</li><li>▶ CRITERIOS DE AVALIACIÓN, TEMPORALIZACIÓN</li></ul> |
| AS COMPETENCIAS BÁSICAS                                | <ul style="list-style-type: none"><li>▶ COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</li><li>▶ COMPETENCIA MATEMÁTICA</li></ul>   |

- |  |  |
|--|--|
|  | <ul style="list-style-type: none"><li>▶ COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACIÓO CO MUNDO FÍSICO</li><li>▶ COMPETENCIA DIXITAL E TRATAMENTO DA INFORMACIÓO</li><li>▶ COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ</li><li>▶ COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA</li><li>▶ COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER</li><li>▶ AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL</li><li>▶ DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS A TRAVÉS DAS ÁREAS DO CURRÍCULO.</li></ul> |
|--|--|

**LENDAS para a interpretación dos cadros dos bloques de contidos:**

- 3A: 3 anos, 4º de educación infantil
- 4A: 4 anos, 5º de educación infantil
- 5 A: 5 anos, 6º de educación infantil
- A. C.: adaptación curricular
- Proxecto 3 ( REPASAMOS E RECICLAMOS)

## SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS OBXECTIVOS E CONTIDOS

### AREA 1 : AUTOCOÑECEMENTO E AUTONOMÍA

#### OBXECTIVOS COMÚNS QUE SE TRABALLAN

|     |   |
|-----|---|
| 1.- | <ul style="list-style-type: none"><li>Formarse unha imaxe axustada e positiva propia , identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.</li></ul>  |
| 2.- | <ul style="list-style-type: none"><li>Coñecer e representar o seu corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.</li></ul>   |
| 3.- | <ul style="list-style-type: none"><li>Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.</li></ul>  |
| 4.- | <ul style="list-style-type: none"><li>Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.</li></ul> |
| 5.- | <ul style="list-style-type: none"><li>Adecurar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.</li></ul>   |
| 6.- | <ul style="list-style-type: none"><li>Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.</li></ul>  |
| 7.- | <ul style="list-style-type: none"><li>Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.</li></ul>   |
| 8.- | <ul style="list-style-type: none"><li>Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais -idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas,...-.</li></ul>   |

- 9.- • Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

## CONTIDOS --- AREA 1 : AUTOCONECIMENTO E AUTONOMÍA

Os contidos educativos que atinxen a esta área agrúpanse en catro bloques, que non son unidades independentes, senón que deben visualizarse de forma inclusiva e relacional, xa que comprenden aspectos que se conteñen e vinculan uns cos outros, e mesmo non poden ser traballados separadamente dos contidos do resto das áreas. Faise, polo tanto, imprescindible un enfoque global e significativo das situacións de ensinanza e aprendizaxe. Estes bloques de contidos son:

### BLOQUE A1. O CORPO E A PROPIA IMAXE.

#### CONTIDOS COMÚNS QUE SE TRABALLAN

##### Contidos

|  | 4<br>A | 5<br>A | A.<br>C. | P.3 (3ª aval) |
|--|--------|--------|----------|---------------|
| 1. Recoñecemento progresivo das posibilidades e características do seu corpo para chegar á toma de conciencia do seu esquema corporal  |        |        |          | X             |
| 2. Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos.<br>Vivenciación do corpo como un todo para pasar progresivamente a vivenciar as partes que o integran. | X      | X      |          |               |
| 3. Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas -que proveñen dos propios músculos e articulacións- e as percepcións exteroceptivas -   | X      | X      |          | X             |

|  |   |   |  |   |
|--|---|---|--|---|
| relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos...  |   |   |  |   |
| 4. Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea.  | X | X |  |   |
| 5. Aceptación da súa imaxe corporal e goce xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo –a través de xestos, movementos, xogos, danzas...   | X | X |  |   |
| 6. Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.<br>Xestión progresiva dos propios sentimentos e emocións, co fin de controlar as rabechas, resolver pacificamente os conflitos e a aceptación das normas. | X | X |  |   |
| 7. Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.   | X | X |  |   |
| 8. Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. Xestión progresiva dos propios sentimentos e emocións, co fin de controlar as rabechas, resolver pacificamente os conflitos e a aceptación das normas     | X | X |  | X |
| 9. Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.   | X | X |  | X |
| 10. Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o  | X | X |  | X |

|   |   |   |  |   |
|---|---|---|--|---|
| rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.   |   |   |  |   |
| 11. Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo. Identificación das diferentes etapas da vida valorándoas positivamente.  | X | X |  |   |
| 12. Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.  | X | X |  | X |
| 13. Recoñecemento e vivenciación das referencias espazo - temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, o contorno e as demais persoas .   | X | X |  |   |
| 14. Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino ( 3-4 anos). Mantendo unha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social (5 anos). | X | X |  |   |

## BLOQUE A2. XOGO E MOVEMENTO.

### CONTIDOS COMÚNS QUE SE TRABALLAN

#### Contidos

| Contidos   | 4<br>A | 5<br>A | A.<br>C. | P.3 (3ª aval) |
|--|--------|--------|----------|---------------|
| 1. Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia. | X      | X      |          | X             |

|  |   |   |  |   |
|--|---|---|--|---|
|  |   |   |  |   |
| 2. Goce polo xogo como medio para coñecer a realidade, como vía de deleite e relación, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas.   |   | X |  |   |
| 3. Adaptación do ton e a postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación.   | X | X |  | X |
| 4. Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración a súa persoa, ás outras e ao seu medio fortalecendo vínculos afectivos - amizade, cooperación, axuda, solidariedade....-. Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.   | X | X |  | X |
| 5. Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidade abríndose ao coñecemento e goce dos de outras persoas.   | X | X |  | X |
| 6. Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotoras finas e grosas, dando resposta aos seus intereses de exploración, construción, expresión, representación e recreación.  | X | X |  | X |
| 7. Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvendo as habilidades motoras, o control de ton, equilibrio e respiración en movementos e desprazamentos, alternando diferentes velocidades, direccións e posicións;valorando os seus progresos e expresándoos a través de diferentes linguaxes. | X | X |  | X |
| 8. Potenciación das súas capacidades motoras,de  | X | X |  | X |



|  |   |   |  |   |
|--|---|---|--|---|
| coordinación e orientación no espazo; tanto nos cotiáns -escola, vivenda, barrio...-, como ao aire libre e en contacto coa natureza.                   |   |   |  |   |
| 9. Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas. | X | X |  | X |

### BLOQUE A3. A ACTIVIDADE COTIÁ.

## CONTIDOS COMÚNS QUE SE TRABALLAN

### Contidos

|  | 4<br>A | 5<br>a | A.C. | P3 (3ª aval) |
|--|--------|--------|------|--------------|
| 1. Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento, para camiñar cara a resolución pacífica de conflitos, manifestando satisfacción pola realización de tarefas e tomando conciencia da propia competencia. | X      | X      |      | X            |
| 2. Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.  | X      | X      |      | X            |
| 3. Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo. Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda.                   | X      | X      |      | X            |
| 4. Xestión do seu comportamento en función das   | X      | X      |      | X            |

|   |   |   |  |   |
|---|---|---|--|---|
| necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara a autorregulación das súas accións. |   |   |  |   |
| 5. Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias.   | X | X |  | X |

#### BLOQUE A4. O COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE.

### CONTIDOS COMÚNS QUE SE TRABALLAN

#### Contidos

|  | 4<br>A | 5 <sup>a</sup> | A.<br>C | P3 (3 <sup>a</sup> aval) |
|--|--------|----------------|---------|--------------------------|
| 1. Recoñecemento das necesidades básicas do corpo -hixiene, alimentación, descanso,...-  | X      | X              |         |                          |
| 2. Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación , o consumo responsable e o descanso. | X      | X              |         | X                        |
| 3. Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan e colaborando no seu mantemento  | X      | X              |         | X                        |
| 4. Gusto por un aspecto persoal coidado manifestando as súas preferencias estéticas - vestimenta, peiteados, adobíos, coloridos ...-   | X      | X              |         | X                        |

|   |   |   |  |   |
|---|---|---|--|---|
|   |   |   |  |   |
| 5. Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes, evitar situacións de risco propias e en relación coas outras persoas, sendo quen de pedir, aceptar e agradecer a axuda, cando sexa preciso. | X | X |  | X |
| 6. Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración.  | X | X |  | X |

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA AREA Nº 1

|   |                         |       |    |      |                 |
|---|-------------------------|-------|----|------|-----------------|
| Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | NIVEL | BC | CCBB | Temporalización |
|   |                         |       |    |      |                 |

| Traballo diario |  | 4A | 5A | AC | BC       | CCBB         | P3(3ª aval) |
|-----------------|--|----|----|----|----------|--------------|-------------|
|                 | 1.- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas distintas partes.  | X  | X  |    | A1       | CAIP         | X           |
|                 | 2.- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá. | X  | X  |    | A1<br>A2 | CAIP<br>CIMF | X           |
|                 |  | X  | X  |    | A1       | CAIP         | X           |

|   |   |   |  |          |             |   |
|---|---|---|--|----------|-------------|---|
| 3.- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións. |   |   |  | A3       | CAA         |   |
| 4.- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.  | X | X |  | A3       | CAIP<br>CSC | X |
| 5.- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.  | X | X |  | A1<br>A3 | CAIP<br>CSC | X |
| 6.- Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez mais axustadas.   | X | X |  | A1<br>A3 | CAIP<br>CSC | X |
| 7.- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.  | X | X |  | A2       | CAIP<br>CSC | X |
| 8.- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.                                       | X | X |  | A3       | CAIP<br>CAA |   |
| 9.- Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.                              | X | X |  | A4       | CAIP<br>CSC | X |
| 10.- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.   | X | X |  | A4       | CAIP<br>CAA | X |

#### LENDAS COMPETENCIAS

|                      |   |
|----------------------|---|
| <b>CCL</b>           | Comunicación lingüística                                    |
| <b>CM</b>            | Competencia matemática                                      |
| <b>CIMF</b>          | Coñecemento e interacción co mundo físico                   |
| <b>CTID</b>          | Competencia tratamento da información e competencia dixital |
| <b>CSC</b>           | Competencias sociais e cidadá                               |
| <b>CCA</b>           | Cultural e artística  |
| <b>CAA</b>           | Aprender a aprender   |
| <b>CAIP</b>          | Autonomía e iniciativa persoal                              |
| <b>OUTRAS LENDAS</b> |   |
| <b>BC</b>            | Bloques de contido  |
| <b>CCBB</b>          | Competencias básicas  |

## ÁREA 2: COÑECEMENTO DO CONTORNO E INTERACCIÓN CO MUNDO

| OBXECTIVOS COMÚNS QUE SE TRABALLAN |   |
|------------------------------------|---|
| OBXECTIVOS                         |   |
| 1                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mostrando interese polo seu coñecemento.</li> </ul>   |
| 2                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e co - responsabilidade na súa conservación.</li> </ul>   |
| 3                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.</li> </ul>        |
| 4                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.</li> </ul>                                    |
| 5                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.</li> </ul>   |
| 6                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen.</li> </ul>  |
| 7                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da cultura galega -expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía...</li> </ul>  |
| 8                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades, e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.</li> </ul>      |
| 9                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando...</li> </ul> |

# CONTIDOS

Os contidos desta área adquiren sentido dende a complementariedade co resto das áreas, e interpretaranse nas propostas didácticas dende a globalidade da acción e das aprendizaxes. Establécense tres grandes bloques de contidos:

## BLOQUE B1: MEDIO FÍSICO, ELEMENTOS RELACIÓNS E MEDIDA

| CONTIDOS COMÚNS QUE SE TRABALLAN |  |  |  |  |
|----------------------------------|--|--|--|--|
| Contidos                         |  |  |  |  |

|   | 4 <sup>a</sup> | 5 <sup>A</sup> | A.C. | P3 (3 <sup>a</sup> aval) |
|---|----------------|----------------|------|--------------------------|
| 1.- Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio, recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns; mantendo unha actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.  | X              | X              |      | X                        |
| 2.- Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais: naturais -area, madeira, pluma...- e artificiais -plástico, vidro, cartón...- examinando con atención as súas características -plasticidade, transparencia, impermeabilidade, textura, peso, volume, sons e movementos, forma, tamaño... entre outros- e a súa aplicación na vida diaria. | X              | X              |      | X                        |
| 3- Interese pola clasificación de obxectos e materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.   | X              | X              |      | X                        |
| 4- Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións.   | X              | X              |      | X                        |
| 5- Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá. Aproximación aos valores dos números en situacións habituais: valor notacional -   | X              | X              |      |                          |

|   |   |   |  |   |
|---|---|---|--|---|
| números de teléfono, matrículas de coches, números de vivenda, ...- e valor conceptual -prezos, pesos, tallas, horas  |   |   |  |   |
| 6-Utilización do conteo como estratexia para obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.   | X | X |  | X |
| 7- Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer un reparto, realizar unha estimación ....   | X | X |  |   |
| 8- Utilización de xogos de mesa – parchís, lotos, cartas, bingos, dados, dominós...- e xogos populares - pai – fillo – nai, bolos, mariola, o pano, ruletas, bólas...- como actividades lúdicas que unen o razoamento, reflexión e o divertimento en grupo.   | X | X |  |   |
| 9- Investigación do comportamento físico -caer, rodar, escorregar, botar, ...- de diferentes materiais e obxectos -plumas, latas, bólas, paus, caixas....- en diferentes situacións -plano inclinado, caída libre,...- e con variadas accións - soprar, empurrar, lanzar...   | X | X |  |   |
| 10- Achegamento a algunhas magnitudes físicas -peso, lonxitude, capacidade, tempo- a través da estimación: comparando, sopesando, observando...   | X | X |  | X |
| 11- Recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais -regras, cintas métricas, metros, reloxos, cronómetros, termómetros, básculas, balanzas, probetas, xerras graduadas,... - e non convencionais -palmos, pés, pasos, brazadas, cordas, paus, varas, vasos, cuncas, tapóns, puñadas... | X | X |  | X |
| 12- Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións tales como: secuencias - antes- despois, mañá e tarde, día e noite, onte –hoxe -  | X | X |  | X |

|  |   |   |  |   |
|--|---|---|--|---|
| mañá, día –semana –meses, estacións do ano-; duración -mais -menos- e velocidade -rápido – lento-. Aproximación ao uso do calendario.  |   |   |  |   |
| 13- Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición, respecto a obxectos, persoas e lugares; nomeándoas axeitadamente e empregando o vocabulario topolóxico elemental: diante -detrás, arriba -abaixo, preto –lonxe, cara a...para describir relacións de situación con respecto á súa persoa e aos obxectos no espazo. | X | X |  | X |
| 14- Exploración lúdica con algúns corpos xeométricos elementais. Recoñecemento dalgúns aspectos xeométricos básicos no contorno inmediato -liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos...   | X | X |  | X |
| 15- Vivencia , representación e interpretación do espazo, empregando a súa imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros.   | X | X |  | X |



## BLOQUE B2: ACHEGAMENTO Á NATUREZA

| CONTIDOS COMÚNS QUE SE TRABALLAN   |        |        |    |              |
|--|--------|--------|----|--------------|
| Contidos   |        |        |    |              |
|  | 4<br>A | 5<br>A | AC | P3 (3ª aval) |
| 1.- Identificación e afondamento no estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial, diversas fontes de información -textos expositivos, documentais, familia, persoas expertas, Internet...- así como instrumentos e tecnoloxías -lupas, visores, microscopios, telescopios, prismáticos, ordenadores, encerados dixitais interactivos, proxectores, cámaras fotográficas, gravadoras de sons...-. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes. | X      | X      |    | X            |
| 2.- Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula: acuario, terrario, plantación,...rexistrando a observación e contrastando os datos entre compañeiras e compañeiros.   | X      | X      |    | X            |
| 3.- Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.   | X      | X      |    | X            |
| 4.-Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas, amosando interese e gusto polas relacións con eles. Identificación das diversas formas de preservar o medio natural, para contribuír ao desenvolvemento de ambientes saudables e rexeitando actuacións negativas.   | X      | X      |    | X            |
| 5.-Descubrimento das diferentes formas nas que se encontra a auga na natureza, comprendendo a súa  | X      | X      |    |              |

|  |   |   |  |   |
|--|---|---|--|---|
| contribución ao desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela .  |   |   |  |   |
| 6.-Identificación dos cambios que se producen en canto ao clima, á luminosidade, á posición do sol, aos ciclos da lúa...ao longo dun día, dos meses e das estacións do ano.  | X | X |  | X |
| 7.-Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural - choiva, vento, día, noite, erosión, ciclo vital....- e dos producidos pola acción humana -pontes, embalses, aeroxeradores, muíños de auga....-. | X | X |  | X |
| 8.- Goce ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación e a aventura, a realización de actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.                | X | X |  | X |
| 9.- Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.  | X | X |  |   |
| 10.- Sensibilización cara ao compromiso e toma de conciencia en relación coa colaboración en diferentes proxectos sociais -ONG, asociacións ecolóxicas, asociacións etnográficas e arqueolóxicas,...- de protección e conservación do patrimonio e do medio natural e social.  | X | X |  |   |

## BLOQUE B3: CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE

### CONTIDOS COMÚNS QUE SE TRABALLAN

#### Contidos

|  | 4<br>A | 5<br>A | A.C | P3 (3ª aval) |
|--|--------|--------|-----|--------------|
| 1- Identificación da familia e a escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades. Recoñecendo e respectando os diferentes tipos de familias.  | X      | X      |     | X            |
| 2- Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e aportar servizos relacionados co consumo, transporte, seguridade, sanidade,... presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.  | X      | X      |     | X            |
| 3- Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento, amosando disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo de forma cada vez mais autónoma, atendendo especialmente á relación equilibrada entre nenas e nenos -evitando situacións de abuso, de submisión, de sobreprotección,...- e intentando comprender a posición, dereitos e sentimentos das outras persoas. | X      | X      |     | X            |
| 4- Recoñecemento dalgúns acenos de identidade cultural apreciando os cambios que producen no modo de vida co paso do tempo. Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo; mediante relatos, narracións, visitas reais ou virtuais, libros, Internet  | X      | X      |     | X            |
| 5- Establecemento de relacións con iguais e persoas adultas próximas, doutros lugares e de diferentes culturas, intercambiando experiencias, debuxos, contos e   | X      | X      |     | X            |

|   |  |  |  |  |
|---|--|--|--|--|
| outros , facendo uso dos diversos medios de comunicación virtuais e ordinarios. |  |  |  |  |
|---|--|--|--|--|

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA AREA Nº 2

### COÑECEMENTO DO CONTORNO E INTERACCIÓN CO MUNDO

|   |                         |       |                 |
|---|-------------------------|-------|-----------------|
| Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | NIVEL | Temporalización |
|---|-------------------------|-------|-----------------|

| Traballo diario | CRITERIOS   | 4A | 5A | AC | BC | CCBB       | P3(3ª aval) |
|-----------------|---|----|----|----|----|------------|-------------|
|                 | 1.- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios. | X  | X  |    | B1 | CIMF<br>CM | X           |
|                 | 2.- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor   | X  | X  |    | B1 | CIMF<br>CM | X           |

|   |   |   |  |    |                    |   |
|---|---|---|--|----|--------------------|---|
| notacional e conceptual.  |   |   |  |    |                    |   |
| 3.- Propoñer e resolver problemas sinxelos.   | X | X |  | B1 | CIMF<br>CM         | X |
| 4.- Empregar e comparar magnitudes de peso, lonxitude e capacidade coa finalidade de resolver problemas relacionados con situacións cotiás  | X | X |  | B1 | CIMF<br>CM         |   |
| 5.- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos -liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos-  | X | X |  | B1 | CIMF<br>CM         | X |
| 6.- Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación a obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental.   | X | X |  | B1 | CIMNF<br>CM        |   |
| 7.- Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos a súa vida.  | X | X |  | B1 | CIMF<br>CM         |   |
| 8.- Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala. | X | X |  | B2 | CIMF<br>CSC<br>CAA | X |
| 9.- Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos.  | X | X |  | B2 | CIMF<br>CSC        |   |
| 10.-Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno e algunhas características da súa organización.   | X | X |  | B3 | CIMF<br>CSC<br>CCA |   |

|  |  |   |   |  |    |                    |   |
|--|--|---|---|--|----|--------------------|---|
|  |  |   |   |  |    |                    |   |
|  | 11.- Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.                                 | X | X |  | B3 | CIMF<br>CSC        | X |
|  | 12.-Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza | X | X |  | B3 | CIMF<br>CSC<br>CCA |   |

## ÁREA 3 -- LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

### OBXECTIVOS LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

| OBXECTIVOS QUE SE TRABALLAN |  |
|-----------------------------|--|
| 1                           | • Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe, e de goce.   |
| 2                           | • Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais -o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuínos da comunicación humana.   |
| 3                           | • Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e invencións das persoas.  |
| 4                           | • Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos -expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas, ...-, con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.                 |
| 5                           | • Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos , así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara as linguas.   |
| 6                           | • Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e goce ao participar nestes intercambios comunicativos.   |
| 7                           | • Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos -literarios, expositivos, enumerativos, informativos, prescriptivos-, recoñecendo a funcionalidade e uso social destes; descubriendo que os textos escritos poden ofrecer oportunidades tales como: informar, brindar novos coñecementos, entreter e enriquecer a fantasía. |
| 8                           | • Comprender, reproducir, reescribir -tendo en conta as diferentes etapas no proceso de adquisición da lingua escrita- e recrear, algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, curiosidade e goce cara eles.  |

|    |   |
|----|---|
| 9  | • Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.  |
| 10 | • Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar....dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos....  |
| 11 | • Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións: pintura, modelado, escultura, teatro, danza, música, literatura, imaxes proxectadas... e adquirindo sensibilidade estética. |
| 12 | • Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.  |
| 13 | • Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC -ordenadores, internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo, ...- como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.   |

## CONTIDOS

### BLOQUE C1: FALAR E ESCOITAR

| CONTIDOS COMÚNS QUE SE TRABALLAN |  |  |  |  |
|----------------------------------|--|--|--|--|
| Contidos                         |  |  |  |  |

|  | 4<br>A | 5<br>A | A<br>C | P3 (3ª aval) |
|--|--------|--------|--------|--------------|
| 1.-Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.           | X      | X      |        | X            |
| 2.- Participación de forma oral en conversacións, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o seu vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación axeitada, pronunciación clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as | X      | X      |        | X            |

|  |   |   |  |   |
|--|---|---|--|---|
| súas competencias comunicativas.   |   |   |  |   |
| 3.- Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversacións, respectando quendas e escoitando atentamente.  | X | X |  | X |
| 4.- Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas -saúdos, despedidas, formulas de cortesía, cumprimentos....-.   | X | X |  | X |
| 5.- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara esta lingua.  | X | X |  | X |
| 6.-Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e goce. Interese por explorar e coñecer algúns dos textos de uso social e algunha das súas propiedades -función, autoría, soporte, personaxes, relación título – contido, relación imaxe – texto...  | X | X |  | X |
| 7.- Uso, gradualmente autónomo, de diferentes soportes da lingua escrita como libros, enciclopedias, revistas, periódicos, carteis, etiquetas, guías telefónicas, Fax, dossiers, cartas, cómics, páxinas web, correos electrónicos....   | X | X |  | X |
| 8.- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais -nomes propios, días da semana, meses, personaxes e títulos de contos, poemas ...-. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas -cantidade de letras, | X | X |  | X |



|   |   |   |  |   |
|---|---|---|--|---|
| palabras longas e palabras curtas- e propiedades cualitativas -variedade de grafías-. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.   |   |   |  |   |
| 9.- Iniciación no uso da escritura en situacións contextualizadas e reais - receitas, notas informativas, correspondencia interescolar empregando o correo electrónico,....- . Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita como a linealidade, a orientación e a organización do espazo, e gusto por producir mensaxes e textos cunha aproximación progresiva á escritura convencional, e mesmo valéndose do teclado do ordenador. | X | X |  | X |
| 10.- Potenciación e valoración da creatividade e a fantasía como recurso para produción de textos literarios.   |   |   |  | X |
| 11.- Invención e produción dos seus primeiros textos literarios en soporte papel ou dixital, amosando valoración e respecto polas producións escritas propias e as das demais compañeiras e dos demais compañeiros; dándoos a coñecer para a súa validación social -publicándoos na web de centro, regalándoos, expoñéndoos,...   | X | X |  | X |
| 12.- escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente, de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro... tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartido.  | X | X |  | X |
| 13.- Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a   | X | X |  | X |

|   |   |   |  |   |
|---|---|---|--|---|
| rima e a beleza das palabras producen.  |   |   |  |   |
| 14.- Participación creativa en xogos lingüísticos - encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas,...- acompañados de respostas corporais - xestos, movementos, ritmos, ....- para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas. | X | X |  | X |
| 15.- Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios.   | X | X |  | X |
| 16.- Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.   | X | X |  |   |

## BLOQUE C2: LINGUAXES ARTÍSTICAS: PLÁSTICAS, MUSICAIS E CORPORAIS

### CONTIDOS COMÚNS QUE SE TRABALLAN

#### Contidos

|  | 4<br>A | 5<br>A | A.<br>C. | P3 (3ª aval) |
|--|--------|--------|----------|--------------|
| 1.-Exploración sensorial dos elementos presentes no entorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.                          | X      | X      |          | X            |
| 2.- Potenciación da súa imaxinación e fantasía para enriquecer actividade creativa.  | X      | X      |          | X            |
| 3.- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica -liña, forma, cor, textura, espazo e volume-. | X      | X      |          | X            |

|   |   |   |  |   |
|---|---|---|--|---|
| 4.-Goce coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión: cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros, que lle permitan desenvolver a súa sensibilidade estética.   | X | X |  | X |
| 5.- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes -papeis, cartón, arame, plástico, telas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa da area, retroproxeutor, encerado dixital, fotografías,....-, e das distintas técnicas -debuxo, pintura, collage, amasado, modelado, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas...-, como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías , experiencias.... | X | X |  | X |
| 6.- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos, buscando un achegamento á tridimensionalidade a través da realización de construcións, composicións, instalacións e esculturas como manifestacións artísticas.   | X | X |  | X |
| 7.- Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proxeutor...   | X | X |  | X |
| 8.- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas mantendo un diálogo ante a obra; manifestando as emocións e sensacións que producen, as ideas que suxire, así como indicando o que gusta e o que non.  | X | X |  |   |
| 9.- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior   | X | X |  | X |

|  |   |   |  |   |
|--|---|---|--|---|
| comunicación, valorando a realización de bosquejos para a consecución dunha melloría na produción.   |   |   |  |   |
| 10.- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.   | X | X |  | X |
| 11.- Vivenciación do son e do silencio.  | X | X |  |   |
| 12.- Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos -duración, timbre, intensidade e altura- e dalgúns contrastes básicos -rápido - lento, longo - curto, forte - suave, agudo - grave-. | X | X |  |   |
| 13.- Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.  | X | X |  | X |
| 14.- Vivenciación de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación, e o intercambio afectivo.  | X | X |  | X |
| 15.- Improvisación de personaxes, feitos e situacións en xogos simbólicos, e dramáticos individuais e compartidos potenciando a iniciativa, orixinalidade, flexibilidade e inventiva.  | X | X |  | X |
| 16.- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal -mimo, monicreques, teatro de sombras...- colaborando na elaboración dos elementos necesarios                              | X | X |  | X |

|   |   |   |  |   |
|---|---|---|--|---|
| para unha ambientación axeitada.  |   |   |  |   |
| 17.- Dramatización de textos literarios. Goce e interese por expresarse con axuda de recursos extralingüísticos, favorecendo a creatividade, a fantasía e a expresión corporal a través de representacións teatrais colectivas. | X | X |  | X |

### BLOQUE C3: LINGUAXE AUDIVISUAL INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

#### CONTIDOS COMÚNS QUE SE TRABALLAN

##### Contidos

|  | 4<br>A | 5<br>A | A.<br>C. | P3 (3ª aval) |
|--|--------|--------|----------|--------------|
| 1.- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías -videotecas, coleccións de CD, ordenadores, Internet...- como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación,...que melloran a competencia para o descubrimento, o coñecemento, o traballo cooperativo e a comunicación. | X      | X      |          | X            |
| 2.-Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas -ordenador, cámara web, cámara fotográfica, encerado dixital interactivo, gravadoras e reprodutores de imaxe e son,...-; desenvolvendo unha actitude crítica ante a veracidade da información que proporcionan.  | X      | X      |          | X            |

|  |   |   |  |  |
|--|---|---|--|--|
|  |   |   |  |  |
| 3.- Achegamento ao uso do ordenador, á cámara fotográfica..., nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como debuxos animados, presentacións, vídeos,..., a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.  | X | X |  |  |
| 4.-Recoñecemento das múltiples posibilidades que nos ofrece o correo electrónico fronte a outros medios de comunicación: posibilidade de crear e construír colectivamente retocando e modificando o que outros produciron, iniciación ao manexo do procesador de textos, inmediatez na comunicación, envío de mensaxes a distintas persoas á vez,... | X | X |  |  |

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA AREA Nº 3: LINGUAXES COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

|   |                         |       |    |      |                 |
|---|-------------------------|-------|----|------|-----------------|
| Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | NIVEL | BC | CCBB | Temporalización |
|   |                         |       |    |      |                 |

|                 |  |    |    |    |    |      |              |
|-----------------|--|----|----|----|----|------|--------------|
| Traballo diario |  | 4A | 5A | AC | BC | CCBB | P3 (3ª aval) |
|-----------------|--|----|----|----|----|------|--------------|

|  |   |   |  |                |                   |   |
|--|---|---|--|----------------|-------------------|---|
| • Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.   | X | X |  | B1             | CCL<br>CSC        | X |
| • Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.   | X | X |  | B1             | CCL<br>CSC        | X |
| • Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación   | X | X |  | B1             | CCL<br>CSC        | X |
| • Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes. | X | X |  | B1<br>B2       | CCL<br>CSC        | X |
| • Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, iniciándose no uso do teclado para a codificación, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, goce....   | X | X |  | B1<br>B2       | CCL<br>CSC<br>CAA | X |
| • Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, .....   | X | X |  | B1<br>B2<br>B3 | CCL<br>CSC<br>CCA | X |
| • Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de  | X | X |  | B1<br>B2       | CCL<br>CSC        |   |

|  |   |   |   |  |          |                   |   |
|--|---|---|---|--|----------|-------------------|---|
|  | entretenemento e goce.  |   |   |  | B3       |                   |   |
|  | • Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais   | X | X |  | B1<br>B3 | CCL<br>CCA        | X |
|  | • Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas. | X | X |  | B1<br>B2 | CCL<br>CCA<br>CAA | X |
|  | • Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación                             | X | X |  | B1<br>B3 | CCL<br>CTID       | X |

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Segundo a normativa vixente establecida polo Ministerio de Educación e Formación Profesional que publicou a Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19.

E as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.1. En Educación Infantil a avaliación forma parte inseparable do proceso educativo, e será **global, continua e formativa**. Debe servir para detectar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado e analizar os seus progresos e dificultades, así como as súas aprendizaxes.



7.3. **A avaliación final** das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 **considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso**, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. **Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado para mellorar a nota, nunca para empeorarla.**

Estas instrucións teñen por obxecto determinar nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, aqueles aspectos organizativos e académicos necesarios para o adecuado desenvolvemento, no terceiro trimestre do curso 2019/2020, das ensinanzas establecidas ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, no contexto da aplicación das medidas de contención no ámbito educativo e da formación previstas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma sanitaria ocasionada polo COVID-19.

| <b>2. Avaliación e cualificación</b> |   |
|--------------------------------------|---|
| <b>Avaliación</b>                    | <b>Procedementos:</b><br>Observación sistemática, análise das producións do alumnado, probas específicas, recopilación de materiais realizada ao longo de todo o curso.         |
|                                      | <b>Instrumentos:</b><br>Traballos individuais, elaboración de materiais e cadernos persoais e feitos en equipo, participación nas tarefas propostas ao longo de todo o curso... |
| <b>Cualificación final</b>           | Considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso  |

### 3.METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) |   |
|---|---|
| <b>Actividades</b>  | <p><b>Adaptación da actividade</b></p> <p>As actividades lectivas que se desenvolvan durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020 deberán combinar de maneira integrada as actividades a distancia e as presenciais que puidesen levarse a cabo, segundo evolucione a situación sanitaria.</p> <p>As actividades que se propoñan serán fundamentalmente de recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación.</p> <p><u>TAREFAS PARA O 3º TRIMESTRE DENDE A CASA</u></p> <p><b>As tarefas a realizar no 3º trimestre do curso 2019-20</b>, son actividades similares ás que se realizan na escola, para que o alumnado poda facer un traballo similar ao que se realiza no colexio dende a casa. Trátase de actividades de iniciación á lóxico-matemática, lecto-escritura, o coñecemento do entorno, o coidado do medio ambiente, o corpo humano, a expresión artística, tanto plástica como musical, a representación e expresión corporal, a integración das tecnoloxías, a psicomotricidade grossa e fina.... que pretenden favorecer o desenvolvemento integral do alumnado.</p> <p><b>A realización destas actividades</b> de infantil que os nenos/as realizan habitualmente na clase e que agora poden reforzar na casa grazas a estas propostas e ás fichas escolares de repaso que se lles ofrecen a través das plataformas dixitais serán un dos <b>instrumentos desta 3ª avaliación</b> do alumnado.</p> |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>                                     | <p>Propónse unha metodoloxía activa apoiada na colaboración coas familias e no seguimento tanto da situación psicolóxica como persoal do alumnado a través de medios telefónicos e on line do traballo realizado polo alumnado.</p> <p>Favorecerase o achegamento á diversidade de recursos coa finalidade de que as nenas e os nenos</p>   |

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
|                                    | <p>exploren e descubran os obxectos de interese e potencian a súa psicomotricidade.</p> <p>É importante ofrecerlle ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións.</p> <p>Para potenciar no alumnado actos independentes e iniciativas, as persoas adultas deben dar confianza e brindar diversas oportunidades, permitíndolles que cometan erros, dándolles o tempo necesario e a posibilidade de que ensaien novas alternativas como parte do seu proceso de aprendizaxe persoal.</p> <p>Terase especialmente en conta que o xogo é unha das vías privilexiadas no acceso ao coñecemento. A través do xogo libre ou organizado, individual ou colectivo, explórase, descóbrese, experimentábase, compréndese e consolídase a aprendizaxe.</p> <p>Propoñeranse actividades que atraian o seu interese e que poidan relacionar coas súas experiencias anteriores, para elo planificaranse proxectos, actividades, tarefas e xogos que teñan un sentido claro para as criaturas. Así estas permitirán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Planificar situacións que supoñan para o alumnado pequenos retos que actúen como estímulos para avanzar.</li> <li>○ Orientar ao alumnado cara a busca de solucións, de abrindo camiño para que, co tempo, cada nena e neno sexan autónomos.</li> <li>○ Compartir a maneira de aprender para axudar ás criaturas a confirmar as súas propias estratexias, e a imaxinar e probar outras novas, facilitando a posta en común das diferentes estratexias que emprega cada persoa e sistematizalas.</li> </ul> |
| <p><b>Materiais e recursos</b></p> | <p>Vai a variar segundo a dispoñibilidade de cada alumno nas súas casas e as necesidades de cada un dos nenos/as. Poderá utilizarse materiais funxibles e non funxibles, de uso individual ou con axuda do adulto, ordenador e/ou dispositivos con conexión a internet, audiovisuais...</p> <p>Non sempre se disporá dos materiais que necesitan nas casas o que vai requirir da súa elaboración. Na</p>  |

|  |  |
|--|--|
|  | <p>súa elaboración e transformación participan tanto nenos/as como as familias. Pódense realizar materiais como pasta de sal, xoguetes con material reciclado, caretas, disfraces...</p> <p>Material curricular e de carácter normativo.</p> |
|--|--|

## 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

| 4. Información e publicidade                 |   |
|--|---|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | Para contactar coas familias e o alumnado utilizaránse fundamentalmente medios telefónicos, telemáticos e informáticos ademais da páxina web do centro. |
| <b>Publicidade</b>                           | Publicación na páxina web do centro.  |